



NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS / SARDIÑADAS DE SAN XOÁN 2024

A Concellería de Mobilidade, Convivencia e Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela establece as Normas de Seguridade para solicitar e celebrar as “Cacharelas/Sardiñadas da Noite de San Xoán 2024”. Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de Cacharelas/Sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do 23 ou calquera outro día.

A celebración das Cacharelas/Sardiñadas na vía pública están suxeitas á correspondente autorización do Concelleiro de Mobilidade que será publicada na páxina web do Concello xa que, se considera de interese xeral que os veciños que participen nas cacharelas e sardiñadas coñezan os termos da resolución por razóns de protección do medio ambiente e seguridade pública (artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

As que se desenvolvan en terreos de propiedade privada deberán presentar comunicación previa da actividade.

Cacharelas en espazos públicos e privados.-

- As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente, segundo modelo oficial (MO002) publicado na Sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal>), sinalando o nome, enderezo, teléfono, copia do D.N.I. dos responsables da organización ou comunidade, e todos os datos que constan no modelo da solicitude, así como as declaracións responsables que correspondan, debidamente asinadas.

A solicitude debe ir acompañada dun plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica, ou red SARA **dende o 1 de xuño ata as 23:59 horas do 20 de xuño de 2024.**

- Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de **propiedade privada** deberán presentar a comunicación previa debidamente cumprimentada e asinada, no impreso de solicitude modelo M08 publicado na sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal>). As solicitudes poderanse presentar na sede electrónica do Concello, red SARA, rexistro xeral, ou ben a través do banner instalado na páxina web: www.santiagodecompostela.gal dende o **1 de xuño ata as 23:59 horas do día 20 de xuño de 2024.** As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade. Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112).
- Se a propiedade está en zona urbana: o volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- En zona rural: o volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano.
- Porase especial coidado en situar a fogueira alonxada das vivendas, vehículos, e instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso públicos enlousados, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. A area será proporcionada polo Concello, **baixo petición**, é deberá ser a propia organización á que se encargue da súa recollida.
- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f en relación co artigo 17 da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- No caso das cacharelas/sardiñadas na propiedade privada os interesados deberán comunicalo ao Concello no prazo establecido. No caso das cacharelas/sardiñadas na vía pública a competencia para a súa autorización corresponde ao Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán, por decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellerías delegadas e acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias.
- **Prohíbese expresamente a celebración de Cacharelas e Sardiñadas de San Xoán nas seguintes prazas: Praza do Obradoiro, Praza da Quintana, Praza do Toural, Praza de Praterías, San Martiño Pinario, Praza de Cervantes, Inmaculada, Praza de Mazarelos, Irmán Gómez, San Miguel e San Agustín.**
- Nas cacharelas e sardiñadas que se celebran en espazos públicos, terán prioridade as Asociacións Veciñais e Culturais.
- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións. Lémbrese que o nº de tfno do Servizo de Bombeiros é o 080 (só emerxencias) ou o 981 542 444; e asemade, o número de Emerxencias da Xunta de Galicia é o 112.

Santiago de Compostela, 27 de maio 2024

A xefa do Servizo de Mobilidade e Seguridade

María Moreno Berguer

O Concelleiro delegado de Mobilidade, Convivencia e Centros Socioculturais

Xan Duro Fernández